

SOLIDARIOS ATA A MEDULA

A doazón de medula ósea, nome xenérico que se lle dá á doazón de células nai ou proxenitores hematopoéticos, é o tratamento e ás veces a única opción terapéutica para moitos pacientes hematolóxicos.

É un proceso que involucra a 2 persoas: consiste en substituír as células enfermas do paciente por células sás do doante.

O doante ideal é un irmán ou familiar directo, pero 3 de cada 4 pacientes non dispoñen dun familiar compatible. Por ese motivo creáronse os rexistros de doantes voluntarios. En España é o REDMO, sendo ADOS o seu Centro de Referencia en Galicia.

O doante de medula ósea é universal. Unha vez inscrito no rexistro pasa a formar parte da rede mundial de doantes de medula ósea e estará dispoñible para doar para calquera paciente do mundo que o necesite. Isto é porque a posibilidade de atopar un doante non familiar é de 1 entre 4.000.

A doazón de medula ósea é unha axuda altruísta e anónima. É un compromiso cun mesmo e cos demais. É regalar vida.

CONCURSO SOLIDARIOS ATA A MÉDULA

IX Concurso
Universitario de
Curtametraxes.
Curso 2023/2024

X Concurso
Universitario de
Curtametraxes.
Curso 2024/2025